

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**20068** *Real decreto 1739/2010, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, dispuxo a conclusión do dito proceso de integración antes do 1 de xaneiro de 2010.

Pola amplitude deste proceso, foi necesaria a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2010, extensión que se fixo efectiva a través do Real decreto 1789/2009, do 20 de novembro.

Dado que a Rede Sanitaria da Defensa se encontra nun proceso de adaptación que podería afectar os cometidos de determinados centros hospitalarios, cómpre prolongar o prazo para que esta integración conclúa de forma adecuada.

Na súa virtude, por proposta conxunta das ministras de Defensa e de Sanidade, Política Social e Igualdade, co informe da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Conclusión do proceso de integración.*

O proceso de integración do persoal laboral da área de actividades específicas da Rede Hospitalaria da Defensa deberá estar concluído con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO